



BASES PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO "FORUM 4.0" CONCELLO DE LUGO.

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 da orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG nº97, do 23 de maio de 2018), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 16 persoas alumnas traballadoras que participarán no obradoiro de emprego "FORUM 4.0", promovido polo Concello de Lugo e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Segunda.- Relación xurídica das persoas traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

Durante a súa incorporación ao obradoiro de emprego as persoas alumnas seleccionadas estará vinculada á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de seis meses e serán a xornada completa.

De conformidade co establecido no artigo 13 da Orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. Os mozos/as seleccionados/as non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Terceira.- Persoas beneficiarias participantes.

Poderán ser persoas beneficiarias participantes deste programa aquelas persoas mozas inscritas e en situación de beneficiarias no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016 do 23 de decembro.

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

- As persoas participantes no proceso selectivo deberán de cumprir os requisitos exixidos na Lei 18/2014 modificada polo Real decreto lei 6/2016 do 23 de decembro, no momento da selección e con carácter previo a participar nos obradoiros de emprego. Por este motivo, a persoa seleccionada deberá de cumprimentar unha declaración responsable.
- Para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e a aprendizaxe, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto, durante toda a duración do mesmo, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
- Se a formación que se vai a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, as persoas seleccionadas deberán de reunir os requisitos sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados de profesionalidade.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.



Quinta: causas de exclusión

- ✓ Deixar de cumprir con carácter previo á formalización do contrato os requisitos exixidos na Lei 18/2014 modificada polo Real decreto lei 6/2016 do 23 de decembro.
- ✓ Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.

Sexta.- Oferta de emprego.

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto e aprobados os criterios de selección das persoas alumnas que van participar no obradoiro de emprego, presentaranse dúas ofertas na oficina de emprego de Lugo, unha por cada especialidade, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de Lugo. No caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliarase aos concellos limítrofes.
- Especialidade formativa: - IFCD0110 Confección e publicación de páxinas WEB
- Número de persoas alumnas traballadoras: 8
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: 27131015 Diseñador de páxinas web, 38141010 Técnico soporte de Web, 27131024 Analista programador web e multimedia.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais exixidos nestas bases.

OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: Concello de Lugo. No caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliarase aos concellos limítrofes.
- Especialidade formativa: COMM0112 Xestión de marketing e comunicación
- Número de persoas alumnas traballadoras: 8
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: 2651.1067 Técnicos medios en publicidade e/o relacións públicas, 2652.1015 Técnicos superiores en publicidade e relacións públicas, en xeneral, 3532.1013 Técnicos en organización de feiras e eventos.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais exixidos nestas bases.

A oficina de emprego remitirá ao grupo de traballo mixto a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, dúas por posto.


As persoas preseleccionadas pola oficina serán convocadas por carta, na que se sinalará o lugar, día e hora á que deberán asistir para realizar a selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os seus méritos, así como dunha copia para entregar ao grupo mixto.

A selección terá lugar no CEI NODUS do Concello de Lugo .

Sétima.- Procedemento de selección

Na selección teranse en conta, en todo caso, criterios como a idade, a experiencia laboral previa, a permanencia no desemprego ou o nivel de cualificación, priorizando aquelas persoas mozas que non recibisen previamente atención por parte do Sistema nacional de garantía xuvenil e a aqueles que estean máis próximos a cumprir a idade máxima prevista no dito sistema, todos eles determinados no artigo 105.3 da lei 18/2014, do 1 outubro, modificada polo Real decreto lei 6/2016 do 23 de decembro.

En todo caso, terán prioridade na selección aquelas persoas alumnas candidatas que non tiveran participado nos



cinco últimos anos nun obradoiro de emprego.

Á vista do anterior, o grupo de traballo mixto acordou aplicar o baremo establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 20 puntos.

A continuación, e no mesmo acto, o grupo de traballo mixto celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 6 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo mixto procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na entrevista persoal e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

Unha vez baremados os méritos e realizada a entrevista, o grupo de traballo preparará a relación das persoas admitidas e excluídas para participar como alumnos/as traballadores/as no obradoiro de emprego, sinalando neste último suposto os motivos da exclusión, facendo constar para cada un deles a puntuación total e a/es especialidade/s formativas ás que son adscritos. Esta relación será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempleado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.

O grupo mixto asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial.

Oitava.- Lista de reserva.

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, antes de iniciada a actividade do obradoiro, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións.

Esta lista de reserva terá vixencia ata o inicio do proxecto formativo.


En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Novena.- Admisión.

As persoas seleccionadas polo grupo de traballo mixto serán admitidas pola entidade promotora, para participar no obradoiro de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumplan os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.

Décima.- Incidencias e reclamacións:

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante este grupo de traballo mixto no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.



Décimo primeira.- Publicidade das bases:

Estas bases serán publicadas nas páxinas web do Programa operativo de emprego xuvenil (<http://garantiaxuvenil-des.conselleriadefacenda.gal>) e da entidade promotora, así como nos taboeiros de anuncios desta última e nos da oficina de emprego que tramite a oferta.

Lugo a 12 de setembro de 2018

María Soledad González Neira

Norman Javier Veiga Alvarez

Emilio Rodil Cotarelo

Francisco Quinzá-Torroja García



ANEXO I

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

	CRITERIOS		PUNTOS
1	Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas		6
2	Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema		4
3	Discapacidade \geq 33%		1
4	Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
		De 20 ata 22 anos	1
		De 22 ata 24 anos	2
		De mais de 24 anos	3
5	Experiencia laboral	Ningunha	3
		Ata 12 meses	2
		\geq 12 meses	1
6	Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
		Media (que posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
		Alta (que posuan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5

DOCUMENTACION A APORTAR POLOS ALUMNOS – TRABALLADORES O DÍA DA SELECCIÓN

PARA VALORAR OS APARTADO 1 DEBERÁ DE APORTAR : Certificado da oficina de emprego de ter planificado no seu itinerario profesional de inserción a súa participación neste programa.

PARA VALORAR OS APARTADO 2 DEBERÁ DE APORTAR: Certificado da oficina de emprego de non recibir previamente atención polo sistema.

PARA VALORAR OS APARTADO 3 DEBERÁ DE APORTAR: Copia do certificado de minusvalía igual o superior al 33 %.

PARA VALORAR OS APARTADO 4 DEBERÁ DE APORTAR: Copia do dni

PARA VALORAR OS APARTADO 5 DEBERÁ DE APORTAR : Vida laboral **ACTUALIZADA**

PARA VALORAR O APARTADO 6 DEBERÁ DE APORTAR: Declaración xurada que se dará o día da entrevista.

DE NON PRESENTAR DITA DOCUMENTACIÓN NON SERÁ VALORADO O APARTADO .

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020

